

EXPEDIENTE	2024016767
ASUNTO	MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO
TRÁMITE	INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento do disposto nos artigos 213 e seguintes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, e no Título II do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno na Entidades Locais do Sector Público, esta Intervención informa:

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Artigos 213 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
2. Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
3. Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do Emprego público de Galicia.
4. Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais.
5. Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
6. Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
7. Orzamento provincial para o ano 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

Do expediente remitido a esta Intervención para o seu informe, cabe sinalar o seguinte:

1. Informe-proposta do deputado delegado de persoal de data 08/03/2024, solicitando a modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo, xustificando a necesidade da proposta.
2. Informe-proposta de data 08/03/2024, da xefatura do Servizo Recursos Humanos e Formación, de modificación cadro de persoal funcionario e da relación de postos de traballo, con fundamento na potestade de autoorganización da Corporación Provincial, recoñecida nos artigos 4.1 e 33.2 da LRBRL e artigo 70.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, nas necesidades dos Servizos e na mellora da súa estrutura de organización e funcionamento, coa finalidade de lavar acabo os seguintes cambios:

2.1.- Creación dun posto de traballo de mestre/a composteiro/a C2-17 na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo adscrito ao Servizo de Asistencia



Intermunicipal, cunha retribución anual de 24.668,45 € (segundo importe recoñecido por sentenza), co fin de poder adscribir ao mesmo, como indefinida non fixa, á persoa cuxo despido foi declarado nulo por sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Pontevedra, de data 08/05/2023, en tanto non se cubra o posto mediante convocatoria pública e a través do procedemento previsto regulamentariamente para o acceso ao emprego público.

2.2.- Modificación do sistema de provisión do posto de traballo de habilitación de carácter nacional de vicesecretario/a para manter o concurso, tendo en conta a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 01/02/2024, pola que se estima o recurso do Colexio territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local das provincias de Coruña e Pontevedra contra o acordo plenario do 25/11/2020, que modifica a forma de provisión do posto de vicesecretario/a da Deputación para establecer o sistema de libre designación

2.3.-Modificación de nivel de complemento de destino do posto de xefatura de Servizo de Benestar do nivel 25 ao 26, co obxecto de distinguir dentro do subgrupo A2 e a efectos económicos, os postos de xefatura de Servizo e adxunto/a á xefatura de servizo do nivel 25, os cales teñen diferentes cometidos e responsabilidades.

2.4.-Creación de dúas prazas de técnico/a medio/a de admón. xeral, con postos de traballo de técnico/a de xestión adscritos ao Centro Príncipe Felipe e Servizo de Turismo, co fin de adaptarse ás necesidades de persoal e ó perfil de posto de traballo que requiren os servizos.

2.5.-Creación dunha praza de administrativo/a de admón. xeral, subgrupo C1, con posto de traballo de igual denominación adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, co obxecto de garantir unha adecuada prestación de servizos e impulsar a transformación dixital en todos os procedementos de xestión de persoal.

2.6.-Amortizar unha praza de técnico/a de admón. xeral, do subgrupo A1, con posto de traballo de xefatura de Contratación no Centro Príncipe Felipe, por reorganización do servizo.

2.7.- Amortizar unha praza de oficial/a de imprenta, do subgrupo C2, con posto de traballo de igual denominación, nivel 17, adscrito ao Servizo de Comunicación, vacante pola xubilación do titular.

2.8.-Amortizar unha praza de informático/a programador/a do subgrupo C1, con posto de traballo de xestor/a da plataforma de teleformación adscrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación, pola asunción das correspondentes funcións co persoal da Sección de formación.

3. A Mesa Xeral de Negociación reuniuse para tratar este asunto o 08/03/2024.



4. O informe-proposta da xefatura do Servizo Recursos Humanos e Formación está **conformado polo Secretario Provincial** con data 08/03/2024, polo que se entende que os aspectos relativos á competencia, tramitación, formación do expediente e demais aspectos xurídicos xa están analizados.
5. As propostas de modificación fiscalizadas supoñen un incremento nos gastos de persoal para o ano 2024 de 28.471,38 € en concepto de retribucións e de 8.549,72 € en concepto de cota patronal á seguridade social, debendo realizarse as oportunas modificacións orzamentarias, existindo, no obstante, crédito suficiente a nivel de vinculación xurídica.

CONCLUSIÓN

Á vista da documentación que obra no expediente, coa observación mencionada, **infórmase favorablemente a modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo** proposta polo deputado delegado de persoal.

Asinado e datado dixitalmente á marxe.

